

CONDICIÓN DO PROGRAMA

1-Obxecto

Dende a Concellería de servizos sociais e discapacidade do Concello de Monforte de Lemos retómanse as actividades do proxecto "Activa Monforte" no ano 2018 a desenvolver de **maio a xullo** as cales teñen como finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, promover a participación social da poboación e posibilitar espazos de encontro interxeracional a través do desenvolvemento de actividades socioculturais, recreativas e formativas no Centro Cívico Social.

2-Actividades e prazas convocadas

Ofertanse un total de **17 actividades e 305 prazas** :

-Actividades para persoas **maiores de 55 anos**: Ximnasia de mantemento, ximnasia acuática, Conservando a memoria, Risoterapia, informática nivel iniciación, manexo do móbil, redes sociais e internet e inglés.

-Actividades para persoas **maiores de 14 anos**: Manualidades, Baile, iniciación e perfeccionamento, Reciclaxe e costura creativa, Informática perfeccionamento, Tapas e petiscos, encaixe de bolillos, pilates, fotografía e saúde e beleza natural.

As actividades son **gratuítas para os participantes**, subvencionadas no **100% polo Concello**.

As actividades teñen unha duración máxima de 20h a desenvolver nos meses de maio a xullo e terán unha duración de entre 1,5 e 2h/semana.

O nº de prazas por grupo establécense segundo a actividade e como máximo de 20 persoas por grupo. Resérvase 1 praza por actividade para persoas con recoñecemento de discapacidade, que non teñan dificultades que impidan participar con normalidade. No caso de non cubrirse, pasará a praza ordinaria. Estas persoas, no caso de acceder a unha praza, no caso de precisar apoio de terceira persoa poderán acudir con persoa acompañante para que a asista durante a súa participación e non terá a condición de participante.

O Concello reservarase o dereito de anulación de calquera das actividades se non existe o número de inscricións suficientes ao inicio das mesmas (75%) ou si durante o transcurso desta o número de participantes baixa do 50%, así como adoitadas decisións en prol dun axeitado desenvolvemento das actividades.

3-Requisitos para solicitar a participación nas actividades

Xerais:

- Estar empadroadado no Concello de Monforte de Lemos.
- Ter a idade mínima esixida para a actividade na que desexa participar. De forma excepcional, e previa valoración dos servizos sociais, poderase eximir do requisito da idade en circunstancias debidamente acreditadas polo solicitante.
- Non presentar alteracións e comportamento que poidan alterar o normal funcionamento da actividade, nin padecer enfermidade transmissible con risco de contaxio. No caso de participar en actividades que requiran actividade física, non padecer doenza que poida ocasionar risco para a saúde.
- No caso de prazas reservadas para persoas con discapacidade ter recoñecemento da situación de discapacidade e estar en condicións para realizar a actividade con normalidade sin que supoña un risco para a súa saúde.
- Aceptar e cumprir coas condicións establecidas para cada actividade e achegar o material establecido na actividade escollida.

4-Solicitudes. Prazo e lugar da solicitude

A solicitude de participación presentárase no modelo normalizado presencialmente no Rexistro do Concello, ou na Secretaría dos servizos sociais do Centro cívico en horario de 9,00-14,00 ou a través do rexistro telemático. O prazo estará aberto do **05/04/2018** e ata o **18/04/2018** (10 días hábiles). Excepcionalmente, poderase abrir un prazo extraordinario no caso que finalizado o procedemento de adxudicación de prazas existan prazas vacantes ata completar prazas.

A solicitude poderá ser individual ou conxunta. Neste caso, preténdese favorecer a participación nunha mesma actividade de persoas con relación de parentesco.

Como regra xeral, cada persoa poderá solicitar e participar só nunha actividade cós fin de que poidan acceder un maior número de persoas. De xeito extraordinario poderase participar nunha segunda actividade no caso existan prazas vacantes finalizado o procedemento de adxudicación de prazas.

5-Documentación a achegar

-Modelo de solicitude debidamente cuberta polo solicitante. En caso de persoas menores de idade a solicitude virá asinada por representante (pai, nai, titor).

-Fotocopia do DNI, soamente no caso de non ter participado na edición anterior.

-Certificado do padrón, no caso de non autorizar a súa consulta

-No caso de prazas reservadas para persoas con discapacidade, certificado que acredite dita situación.

6-Procedemento de adxudicación de prazas

Realizarase mediante sorteo público entre as solicitudes recibidas para cada actividade finalizado o prazo de inscrición. Asignarase un número por cada solicitude que se reciba e fárase un sorteo por cada unha delas, tendo en conta o número de prazas ordinarias e de discapacidade. Publicarase a data e lugar da realización do sorteo na páxina web do Concello e no centro cívico xunto coas persoas admitidas para participar neste. No caso de presentarse a solicitude de participación conxunta optarán a praza ou a lista de agarda cun único número.

No prazo de 5 días publicarase na páxina web e no centro cívico as listaxes de persoas con praza adxudicada e a listaxe de persoas en lista de agarda, no caso a demanda fose maior ca oferta de prazas.




7-Lista de agarda e renuncias

-No caso de producirse algunha vacante nas actividades, procederase a chamar por orde de prelación na listaxe de agarda da actividade concreta, mediante dúas chamadas telefónicas realizadas en distintos horarios. No caso de imposibilidade de contacto, pasarase a chamar á persoa figure no seguinte posto.

-Producirase a baixa da actividade e a perda de dereitos automaticamente no caso de que a persoa participante acumule 3 faltas sen xustificar. A falta de asistencia regular e a non comunicación de baixa en circunstancias previsibles poderá ser obxecto de penalización para poder participar en próximas edicións.

-As renuncias presentaranse por escrito na Secretaría dos servizos sociais en horario de 09,00 a 14,00h

PROGRAMA "ACTIVA" MONFORTE MAIO-XULLO DE 2018



ACTIVIDADES NO CENTRO CIVICO SOCIAL

+
55 ANOS

+ 14 ANOS

MÁIS INFO: NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

1ª PLANTA DO CENTRO CIVICO-SOCIAL

PASEO DO MALECÓN S/N

982 416 541



PROGRAMACIÓN ACTIVIDADES NO CENTRO CÍVICO MAIO-XULLO 2018								
MAIORES DE 55 ANOS								
ACTIVIDADE	Nº PRAZAS	HORAS SEMANA	DÍAS CLASES	HORARIO	DATA DE INICIO	DATA DE FIN	LUGAR IMPARTICIÓN	MATERIAL NECESARIO QUE DEBEN LEVAR OS PARTICIPANTES
XIMNASIA DE MANTEMENTO 1	20	2	LUNS E MÉRCORES	12:15-13.15	02/05/2018	11/07/2018	Aula soto	Roupa e calzado cómodo e esteira
XIMNASIA DE MANTEMENTO 2	20	2	MARTES E XOVES	12:15-13.15	03/05/2018	12/07/2018	Aula soto	Roupa e calzado cómodo e esteira
XIMNASIA ACUÁTICA 1	15	1,5	LUNS E MÉRCORES	12:00-12:45	02/05/2018	30/07/2018	Piscina municipal	Bañador,gorro de baño,chancas e toalla
XIMNASIA ACUÁTICA 2	15	1,5	MARTES E XOVES	9:00-9:45	03/05/2018	26/07/2018	Piscina Municipal	Bañador,gorro de baño,chancas e toalla
MEMORIA	20	2	MERCORES	16:30-18:30	02/05/2018	11/07/2018	Aula 2ª planta	Gafas,no seu caso ou calquera outro apoio necesario para a actividade
RISOTERAPIA	15	2	LUNS	16:30-18:30	07/05/2018	09/07/2018	Aula soto	Roupa cómoda.
MANEXO DO MOVIL, INTERNET E CORREO ELECTRÓNICO	12	2	MÉRCORES	17:00-19:00	02/05/2018	03/07/2018	Aula 2ª planta	Teléfono móbil (imprescindible),caderno e bolígrafo
INFORMÁTICA INICIACION	12	2	LUNS	17:30-19:30	07/05/2018	09/07/2018	Aula informática	Libreta e bolígrafo
INGLÉS	10	1,5	XOVES	17:00-18:30	03/05/2018	26/07/2018	Aula 2ª planta	Caderno e lapis
MAIORES DE 14 ANOS								
ACTIVIDADE			DÍAS	HORARIO	DATA DE INICIO	DATA DE FIN	LUGAR IMPARTICIÓN	MATERIAL NECESARIO QUE DEBEN LEVAR OS PARTICIPANTES
MANUALIDADES 1	12	2	MARTES	19:30-21:30	08/05/2018	10/07/2018	Aula 2ª planta	Material para as manualidades que se acorden realizar no grupo
MANUALIDADES 2	12	2	MÉRCORES	19:00-21:00	09/05/2018	18/07/2018	Aula 2ª planta	Material para as manualidades que se acorden realizar no grupo
BAILE INICIACION	20	1,5	MARTES	19:00-20:30	08/05/2018	31/07/2018	Aula Soto	Zapato pechado e cómodo
BAILE PERFECCIONAMENTO	20	1,5	LUNES	20:30-22:00	07/05/2018	30/07/2018	Aula Soto	Zapato pechado e cómodo
COSTURA CREATIVA 1	10	2	MARTES	17:00-19:00	08/05/2018	10/07/2018	Aula 2ª planta	Material de costura:fío,agulla,tesoiras,teas vellas,fieltro...
COSTURA CREATIVA 2	10	2	XOVES	19:00-21:00	03/05/2018	12/07/2018	Aula 2ª planta	Material de costura:fío,agulla,tesoiras,teas vellas,fieltro...
TAPAS E PETISCOS	15	3	LUNS	18:00-21:00	07/05/2018	09/07/2018	Aula 2ª planta	Mandil e materiais e alimentos necesarios.*Consultar días clase
INFORMÁTICA NIVEL AVANZADO	12	2	MARTES	19:00-21:00	08/05/2018	10/07/2018	Aula informática 1ª planta	Caderno e bolígrafo
BELEZA E SAÚDE NATURAL	20	1,5	VENRES	17:30-19:00	04/05/2018	27/07/2018	Aula 2ª planta	Toalla,esteiras, recipientes, maquillaxe persoal
PILATES	13	2	MÉRCORES E VENRES	17:30-18:30	02/05/2018	06/07/2018	Aula soto	Esteira e coxín
ENCAIXE BOLILLOS	10	2	MARTES	10:30-12:30	08/05/2018	10/07/2018	Aula 2ª planta	Palillos, fío, agullas, alfinetes e almofada, mundillo ou coxín etc
FOTOGRAFÍA	12	2	XOVES	19:00-21:00	03/05/2018	12/07/2018	Aula Informática 1ªplanta	Cámara de fotos dixital (compacta ou reflex).

DIAS NON LECTIVOS

MAIO: MARTES 1(Día do traballo),XOVES 17(Letras galegas)

XUÑO: MÉRCORES 13(festivo local)

XULLO: MÉRCORES 25(festivo nacional)